



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

ANEXO A PROGRAMACIÓN:

CENTRO: CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA

CURSO: 6º GP

MATERIA: ITINERARIO DE COMPOSICIÓN

DEPARTAMENTO: FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN

DATA: 8/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Mínimos esixibles.**
- 2. Procedementos de avaliación e cualificación.**
- 3. Criterios de cualificación.**
- 4. Instrumentos de avaliación.**
- 5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**
- 6. Información e publicidade.**

1- Mínimos esixibles.

- Coñecemento dunha terminoloxía analítica básica no ámbito tonal e modal
- Análise dunha obra de forma binaria e forma ternaria, para a composición dunha pequena peza de características similares
- Análise harmónico dalgúns corais de Bach
- Análise de pequenas composicións de música modal da Idade Media e/ou Renacemento para a composición dunha pequena obra

2- Procedementos de avaliación e cualificación.

- a) **Avaliación continua:** en ningún caso o alumnado obterá menor nota que a media obtida nos dous primeiros trimestres. O traballo realizado poderá servir para subir a nota
- b) **Alumnado que non puido ser avaliado de forma continua:** o profesor convocará ó alumno por centros net para a semana do 18 ó 22 de maio para a entrega dun traballo/s da materia

3- Criterios de cualificación.

O alumnado que ten aprobadas as dúas avaliación obterá como mínimo a nota media dos dous trimestres como nota final, servindo esta terceira avaliación só para subir nota en base á seguinte porcentaxe:

- 20 % os exercicios telemáticos
- 80% a nota media dos dous primeiros trimestres

No caso do alumnado que teña que facer recuperación obterán a nota da materia dos traballo/s indicados polo docente e, a súa entrega será na semana do 18 ó 22 de maio

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 5	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

4- Instrumentos de avaliación.

Medios empregados para aclaración de dúbidas, envío de traballos así como a recepción dos mesmos:

- a) Email
- b) Centros net

5- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)

As actividades realizadas neste terceiro trimestre de recuperación, reforzo e repaso estiveron enfocadas á forma binaria e ternaria tanto no ámbito da música tonal como no ámbito da música modal, que foron os diferentes estilos e traballos que fixemos nos dous primeiros trimestres.

A principal actividade consistía na elaboración dunha composición “libre” na que o alumnado xa con coñecementos adquiridos elixira:

- A forma
- Instrumentos participantes
- Música tonal ou modal

En resumo unha “composición libre” elixida por cada un dos alumnos e non pola profesora, pero sí contando coa axuda e supervisión do docente

6- Información e publicidade.

A programación pode consultarse no seguinte enlace:

<http://www.cmusprofesionalcoruna.es/departamentos/fundamentos-de-composicion/>

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 5	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

